

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de maio de 2021 e do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de maio de 2021, terá lugar dende o día 1/07/2021 ao 1/09/2021 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 13 de xullo de 2021.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2195

MEIRA

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A ESCOLA DE MÚSICA

A Xunta de Goberno Local do Concello de Meira na súa sesión ordinaria do día 5 de xullo do 2021 aprobou as bases do proceso selectivo para a contratación de profesorado para a Escola de Música do Concello de Meira en réxime de laboral temporal.

De acordo coa Base 5ª das que rexen o procedemento selectivo, faise público dito proceso selectivo mediante anuncio da convocatoria no BOP de Lugo e á publicación íntegra das bases no Taboleiro de Anuncios e na páxina web municipal.

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso, disporán dun prazo de dez (10) días naturais para a presentación das instancias.

Meira, 19 de xullo de 2021.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2196

PALAS DE REI

Anuncio

Expediente núm.: 316/2021

Mutación demanial entre Administracións con cambio de fin, a favor da Sociedad Estatal Correos y Telégrafos S.A. Sociedad Mercantil Estatal para establecer unha Oficina de Correos en Palas de Rei.

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a mutación demanial subxectiva por cesión da titularidade do ben inmovible seguinte:

Planta baixa da Finca nº 77 do Inventario de Bens do Concello de Palas de Rei.

Referencia catastral: 2574532NH9427S0001LW.

Superficie: 57 m2.

Situación: AV OURENSE 31, 27200 PALAS DE REI [LUGO].

Lindantes: Sur, Carnero G...; Norte, Castro R...; Este; López S... e Oeste, Estrada Autonómica LU-231.

Uso actual: cultural.

SEGUNDO. A referida mutación aprobase a favor da *Sociedad Estatal Correos y Telégrafos S.A. Sociedad Mercantil Estatal* (pertencente ao 100 % á *Sociedad Estatal de Participaciones Industriales*, entidade de Dereito Público adscrita ao *Ministerio de Hacienda*), na súa calidade de operador designado polo Estado para prestar o servizo postal universal segundo se preceptúa na Disposición Adicional Primeira da Lei 43/2010 de 30 de decembro, do Servizo Postal Universal, dos Dereitos dos usuarios e do Mercado Postal

TERCEIRO. Aprobar o cambio de fin do referido inmovible que se corresponderá coas prestacións correspondentes ao Servizo Postal Universal, entendido como "o conxunto de servizos postais de calidade determinada na Lei e os seus regulamentos de desenvolvemento, prestados en réxime ordinario e permanente en todo o territorio nacional e a prezo alcanzable para todos os usuarios" (artigo 20 da Lei 43/2010), e que inclúe no seu ámbito, conforme ao preceptuado no artigo 21 da mesma Lei:

1. As actividades de recollida, admisión, clasificación, transporte, distribución e entrega de envíos postais nacionais e transfronteirizos en réxime ordinario de: